



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 803 Semana do 15 ao 21 de outubro de 2018

O PARO DE LONGA DURACIÓN, OS RECORTES EN MATERIA DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO, A TEMPORALIDADE E A PARCIALIDADE INVOLUNTARIA NA CONTRATACIÓN CONTRIBÚEN A ESTA SITUACIÓN

No Día INTERNACIONAL PARA A ERRADICACIÓN DA POBREZA UGT LEMBRA QUE EN GALICIA A TAXA DE RISCO DE POBREZA OU EXCLUSIÓN SOCIAL XA SE SITÚA NO 22,6%

UGT amosa a súa preocupación pola pobreza laboral; insiste en que xa non se pode seguir apelando á crise para xustificar políticas antisociais; e aposta por impulsar un sistema de protección social que garantice oportunidades para todas as persoas

Redacción.- UGT-Galicia, con motivo do Día internacional para a erradicación da pobreza, denuncia ingresos inferiores á media estatal; unha taxa de risco de pobreza e exclusión social demasiado elevada para unha economía que se supón que está nunha etapa expansiva; as persoas que viven en fogares con baixa intensidade no traballo incrementáanse progresivamente; e unha taxa de pobreza, excluídas as transferencias sociais, que xa se sitúa no 34,64% nesta Comunidade.

Unha situación que é froito dunha recuperación económica que non está a chegar aos traballadores nin aos fogares galegos como consecuencia dun mercado laboral incapaz de xerar o volume de traballo que necesita Galicia e cun emprego xerado de baixa calidade que non ten capacidade para atender as necesidades dos fogares galegos. As políticas impostas de recortes nos últimos anos están detrás disto e un claro exemplo no eido laboral foron as reformas laborais impostas estériles en materia de creación de emprego e que só trouxeron consigo importantes bolsas de precariedade para os traballadores galegos.

A renda media dos fogares galegos é 1.025 euros ao ano menor que a do resto do Estado

Segundo a Enquisa de condicións de vida do INE do ano 2017 (dato de recente publicación, o 21 de xuño de 2018), os galegos e galegas teñen unha renda media por fogar de 26.533 euros anuais, por debaixo da media estatal que se sitúa nos 27.558 euros, é dicir, 1.025 euros menos.

Se a análise se fai por persoa, tamén resulta máis negativa para os galegos e as galegas, xa que a renda media neste caso é de 10.753 euros ao ano, fronte aos 11.074 do resto do Estado, unha diferenza de 321 euros

ao ano.

Resulta evidente que detrás disto existe unha política salarial, a que imperou nos últimos anos, de depreciación da que urxe saír para rachar este círculo pernicioso no que se ven inmersos milleiros de traballadores, baixos salarios e precariedade, que leva a unha perda continua de poder adquisitivo.

O risco de pobreza ou exclusión social é en Galicia do 22,6% (612.085 persoas)

Outro dato que evidencia que as condicións de vida dos galegos non melloran é o indicador agregado Arope de risco de pobreza ou exclusión social que no ano 2017 situouse en Galicia no 22,6%. Isto supón que en Galicia hai 612.085 persoas en risco de pobreza ou exclusión social. Pero é que 506.460 persoas, o 18,7% da poboación galega, están en risco de pobreza severa. E 65.000 persoas, o 2,4% da poboación, sofren carencias de material severas tamén.

O 12% da poboación galega vive en fogares con baixa intensidade no traballo

As estatísticas, que son teimudas á recuperación, tamén amosan que o 12% da poboación galega vive en fogares con baixa intensidade no traballo. Aquí só se ten en conta á poboación entre os 0 e os 59 anos. Que é un fogar con baixa intensidade no traballo?, aquel no que os seus membros en idade de traballar o fixeron menos do 20% do total do seu potencial de traballo durante o ano de referencia.



Neste punto da análise, resulta destacable o progresivo aumento da poboación que vive en fogares con baixa intensidade no traballo, xa que en nove anos, do 2008 ao 2017, pasou do 7,6% ao 12%.

Precariedade, temporalidade e a parcialidade do mercado laboral, de seguro, están detrás destas cifras, xa que non permiten manter unha vida laboral estable, sostida no tempo e de calidade.

A taxa de risco de pobreza antes de transferencias sociais é en Galicia do 34,64%

Tamén é interesante analizar a taxa de risco de pobreza antes de transferencias. Para isto, calcúlase a porcentaxe de persoas que en Galicia teñen un ingreso equivalente ou inferior ao limiar de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Neste caso, excluímos as transferencias sociais (prestacións contributivas e non contributivas ou prestacións ou subsidios por desemprego). Neste caso, a porcentaxe de galegos e galegas que están nesta situación sube ata o 34,64% (dato ano 2016 do IGE da Enquisa estrutural dos fogares). Se non lle restamos as transferencias sociais, a porcentaxe baixa ao 16,06%.

O texto continúa na páxina seguinte...

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

...o texto vén da páxina anterior.

Isto evidencia a forte dependencia que hai en Galicia das transferencias sociais para garantir a cohesión social consecuencia ou ben da falta de oportunidades nun mercado laboral cativo ou consecuencia de, unha vez se entra no mercado laboral, da súa febleza e precariedade.

UGT-Galicia lembra que no que levamos de ano 2018 o 91% dos contratos rexistrados foron temporais e que o peso dos contratos a tempo parcial é cada vez maior, xa supoñen o 37% do mercado laboral.

No desemprego tamén impera a precariedade cun descenso continuado das persoas beneficiarias de prestación; unha baixada continua das contías medias; a diminución do gasto en materia de prestacións; o que conduce a unha taxa de cobertura tan só do 53,5% no que levamos de ano cando no 2011 esta era aínda do 68,8%.

Non se pode esquecer que o número de persoas que en Galicia levan máis dun ano na

procura de emprego ascende a 93.200 persoas, o 53,3% do total dos desempregados.

Todo apunta a que a tímida recuperación do emprego se está baseando nun modelo produtivo xa coñecido, cun marcado carácter estacional que permite melloras en etapas vacacionais e que se sustenta en actividades de menos valor engadido.

Deste xeito, encamiñámonos cara un sistema baseado en baixos custos laborais, con escaso investimento en tecnoloxías e formación e no que prima o traballo precario, temporal e a tempo parcial.

A depreciación salarial está afundindo a calidade de vida de millóns de familias e incrementando os niveis de pobreza, polo que urxe que os salarios gañen poder de compra e isto precisa dun sistema de políticas de emprego eficiente, que potencien e reformulen as políticas activas de emprego e a contratación indefinida con dereitos e de calidade.

Para elo, o IV Acordo de Negociación colectiva é una ferramenta moi valiosa porque ten como obxectivos a creación de emprego,

a mellora da empregabilidade dos traballadores e a competitividade das empresas, aposta por ganancias do poder de compra dos salarios para fortalecer a demanda interna, reducir as desigualdades e mellorar a distribución da renda.

Neste contexto tamén urxe unha mellora das prestacións por desemprego que a día de hoxe están baixo mínimos e un plan de emprego de choque para impulsar a contratación laboral e o emprego, especialmente, dos colectivos en peores condicións, parados de longa duración, mozos e traballadores sen formación. E, todo elo, no marco dun novo modelo produtivo máis eficiente e sostible, sen o cal non haberá unha saída real da crise.

Isto esixe profundas e continuas transformacións en ámbitos cruciais da actividade económica e laboral e aumentar as capacidades de actuación públicas, reformando a fiscalidade con actuacións de ingreso e gasto público que influan decisivamente sobre o modelo económico e de sociedade, e son unha ferramenta esencial para lograr unha redistribución xusta e equitativa da renda e do benestar.

MANIFESTACIÓN ESTE SÁBADO ÁS 11 DENDE A PRAZA DA PALLOZA CONTRA O PECHE DE ALCOA-CORUÑA


UGT FICA REXEITA O EXPEDIENTE DE EXTINCIÓN ANUNCIADO POR ALCOA

A Federación esixe a retirada do expediente e nega a existencia de causas produtivas que xustifiquen o peche das plantas de A Coruña e Avilés, unha excusa xa utilizada no ERE anterior

Redacción.- A Federación de Industria, Construción e Agro de UGT manifesta o seu rexeitamento total ao expediente de extinción comunicado pola multinacional americana aluminera Alcoa aos representantes legais dos traballadores, das plantas da Coruña e Avilés.

UGT FICA esixe a retirada do ERE por non existir ningunha causa que o xustifique e por entender que as motivacións alegadas pola empresa non son reais. Xustificar en causas produtivas o peche de instalacións no noso país non se axusta á realidade das factorías. Esta foi tamén a xustificación do anterior ERE que presentou a compañía e que ela mesma, tácitamente, recoñeceu como inexistente, cando optou pola retirada do expediente presentado a finais do ano 2014, motivado na mesma falsa xustificación.

Desde UGT FICA manifestamos en diversas ocasións a inconsisten-



ALCOA

cia do mercado enerxético español e que debía producirse un cambio de modelo pero esta inconsistencia non valida a presentación dun ERE nestes momentos dado que, por unha banda, mantense para o ano 2019 o sistema da asignación de interrumplibilidade, tal e como vén levándose a cabo desde o ano 2012, e, doutra banda, os Orzamentos Xerais Estado garanten a perfección da compensación por redución de CO2, pendente

soamente de realizar a asignación.

Desde UGT FICA reiteramos por tanto a nosa total oposición a este ERE e esiximos a súa retirada polas causas enumeradas anteriormente, pois de permitir levalo a cabo, o noso país perdería a produción de aluminio fundido e dependeríamos de terceiros países para este sector fundamental para a economía española.

O FEMINISMO ACTIVO NO SINDICATO, A DEBATE NO XXIII ENCONTRO SINDICAL DA MULLER

Redacción.- O XXIII Encontro sindical da muller, organizado por UGT-Vigo, CCOO-Vigo e o Concello de Vigo, celebrouse na cidade olívica este xoves.

Neste foro abriuse o debate sobre o “Feminismo activo no Sindicato” e analizouse a presenza e o peso activo das mulleres nos sindicatos e a súa potenciación nos postos de responsabilidade.

Dende o Sindicato participaron a secretaria de Muller e Igualdade de UGT-Vigo, Ángeles Arias; e Carmen García, técnica do Departamento de Igualdade de UGT confederal.

Esta última interviu no relatorio “Compromiso sindical pola participación feminina” e no de “Análise na necesidade nos órganos de dirección: cargos, representación nas empresas”.



RETÓMANSE AS MOBILIZACIÓNS EN CORREOS

Os traballadores anuncian tres xornadas de folga, o día 30 de novembro e os días 21 e 26 de decembro

Redacción.- Os traballadores de Correos retoman as mobilizacións que se manterán no tempo ata que a problemática da empresa postal non entre na axenda do Goberno central.

FeSP denuncia que o funcionamento e os parámetros cos que traballa Correos teñen que deixar de ser medidos baixo criterios de rendabilidade, xa que se trata dun servizo público.

Tamén critican que o Goberno non pon enriba da mesa solucións ou medidas para contrarrestar a política de recortes imposta

nos últimos anos que levou á perda de moitos postos de traballo, á precarización de moitos dos que quedan e a que a cidadanía, sobre todo a do eido rural, sexa a gran prexudicada por esta conxuntura.

Por todo isto, os traballadores anuncian que se retomarán as mobilizacións con tres xornadas de folga, o día 30 de novembro, e os días 21 e 26 de decembro. Así como, unha concentración convocada para o día 9 de novembro en Santiago.



A EXPOSICIÓN “130 ANOS DE LOITA E CONQUISTA” VIAXA A VIGO A VINDEIRA SEMANA

Redacción.- O vindeiro día 25 a exposición itinerante “130 anos de loita e conquista”, que ata o de agora están en Ourense, viaxará a Vigo (Casa das palabras) para que os vigueses se poidan achegar para repasar os 130 anos de loita obreira nos que UGT sempre estivo a carón dos traballadores e traballadoras.

A exposición recolle os períodos máis significativos desta longa traxectoria repasando os 130 anos de loita obreira e reivindicación dun mundo máis xusto. Os visitantes poderán atopar as datas e eventos máis importantes destes 130 anos.

Lembrar que esta exposición está a recorrer todas as provincias españolas

e enmárcase nos actos conmemorativos do 130 aniversario do Sindicato que arrancaron o pasado 12 de agosto en Barcelona cun acto que reuniu a cadros e delegados de UGT de toda España.

A exposición permanecerá en Vigo do 25 de outubro ao 20 de novembro

A exposición estará en Vigo ata o 20 de novembro. Trátase dunha exposición composta por 20 paneis, 14 deles de carácter histórico e 6 temáticos.

130 UGT
Cumprimos!



EXPOSICIÓN




VIGO

Verbum - Casa das Palabras
Av. Samil, 17

25 outubro
11:30 horas

UN NOVO PASO CARA A IGUALDADE



Redacción.- A proposición de lei para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, tomada en consideración no Congreso, recolle varias das propostas de UGT e é un paso importante no camiño cara á igualdade.

Con todo, hai que ir máis aló e avanzar, no marco do diálogo social para conseguir a equiparación real entre mulleres e homes nos centros de traballo.

UGT aproveitará a tramitación parlamentaria para que, durante o proceso de emendas, poida mellorarse o contido desta norma.

Esta proposición de lei para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación foi presentada o pasado mes de setembro polo PSOE, e recolle parte das propostas de UGT como: que se definan, de forma expresa, os conceptos de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes; que se garanta por lei a igualdade no acceso ao emprego, á formación, á promoción profesional e ás condicións de traballo; ou que se prohiba, expresamente, calquera tipo de discriminación, directa e indirecta, por razón de sexo, incluído o acoso sexual e o acoso por razón de sexo.

Así mesmo, inclúe a obrigação de establecer accións positivas no emprego e a ocupación por parte dos poderes públicos e o deber de negociar accións positivas a favor das mulleres cando se demostren situacións patentes de desigualdade na negociación colectiva. Cuestións que forman parte das reivindicacións recollidas no pro-

grama de acción do sindicato no 42º Congreso Confederal.

UGT confía en que se constitúa, canto antes, a Oficina Estatal de Loita contra a Discriminación por razón de sexo, que establece esta proposición de lei. O sindicato entende que esta Oficina formará parte da Unidade de loita contra a discriminación creada xa no Plan Director da Inspección de Traballo 2018-2020.

Bonificar a contratación de mulleres

O sindicato cualifica de acerto que se recupere a bonificación á contratación de mulleres que abandonaron o emprego por razón dos cuidados e o establecemento por lei da garantía de igualdade de trato e oportunidades no sistema de clasificación profesional, aínda que considera insuficiente o texto do artigo, dado que esta cuestión necesitaría un desenvolvemento regulamentario e ser debatido no marco do diálogo social.

Respecto ás medidas de conciliación, UGT pon en valor o avance na equiparación dos dereitos nesta materia, como pode ser que o período de lactación (agora denominado por cuidado do lactante) prorrogúese ata os 12 meses, en caso de goce de ambos os proxenitores. Con todo, estima que o custo de que esa media hora de redución, entre o mes 10 e 12, corra a cargo da Seguridade Social e non da empresa, complicará enormemente o seu exercicio.

Así mesmo, lamenta que non houberse avances nos casos de nacemento de bebés prematuros ou que

deban permanecer hospitalizados, posto que as dúas horas de redución de xornada seguen sendo a cargo do proxenitor que as goce e non a cargo da empresa.

Prestación por parto

O sindicato considera positivo non só o incremento, para os proxenitores homes, das prestacións por cuidado de menores (tanto no emprego público como no privado), senón que as prestacións de maternidade e paternidade cambien a súa denominación, pasando a denominarse prestación por parto (6 semanas para cada proxenitor) e prestación por cuidado parental (10 semanas para cada proxenitor).

Estas denominacións son máis acordes coa realidade actual das familias e coas lexislacións dos países da nosa contorna, aínda que todo iso require senllas modificacións no contido dos convenios colectivos, polo que sería desexable que estes cambios debatéranse previamente coas organizacións sindicais e empresariais.

O sindicato estima que o texto queda curto respecto ao deber de cumprir co principio de presenza equilibrada nos Consellos de Administración das grandes empresas a partir do ano 2023. Aínda que a Lei de Igualdade só establecía unha recomendación neste sentido, xa daba a estas empresas 8 anos para facelo. Algo que apenas tivo translación práctica.

UGT aproveitará a tramitación parlamentaria para que, durante o proceso de emendas, poida mellorarse o contido desta norma.

UGT RESOLVE DÚBIDAS NA ASESORÍA LABORAL ONLINE GRATUITA EN ELPLURAL.COM

Redacción.- As traballadoras e os traballadores poden formular preguntas a través da asesoría laboral que A Unión Xeral de Traballadores e elplural.com puxeron en marcha o pasado 1 de febreiro, e que retomou a súa actividade tras o descanso estival.

Un grupo de avogados de UGT e expertos en relacións laborais atenden as consultas recibidas, cuxas respostas son de carácter informativo, sobre o mercado laboral, as condicións de traballo, dereitos, etc. Facílitate así unha ferramenta útil e práctica na rede para informar aos lectores dos seus dereitos laborais, resolver as súas dúbidas e contestar ás súas preguntas neste campo con carácter xeral e sen subs-

tituír o consello profesional, que poidan recibir os lectores, de avogados ou graduados sociais en calquera dos departamentos xurídicos de UGT ou outros aos que deberán acudir, en todo caso, para interpoñer calquera tipo de reclamación ou demanda.

Para acceder ao consultorio, só hai que enviar un correo coa consulta formulada á dirección asesorialaboral@cec.ugt.org e, no prazo



de dous ou tres días, será atendida e publicada nesta sección.

Accede desde aquí á Asesoría Laboral UGT - elplural.com: <https://www.elplural.com/economia/asesoria-laboral-ugt>.

SALARIOS DECENTES PARA VIVIR CON DIGNIDADE

Redacción.- “A economía española pode aguantar esta subida de salario mínimo que creo que ademais é unha senda que iniciamos e que ten que continuar porque o razoable é que en España o salario mínimo correspóndase co que determina a Carta Social Europea que é o 60% do salario medio, estariamos a falar dun salario de máis de 1.000 euros”.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, realizou estas declaracións nunha entrevista no programa “24 horas” de RNE, dirixido e presentado por Antonio Delgado, onde ademais sinalou que “subir o SMI a 900 euros no noso país non implica nada, nada máis aló de que haxa persoas que nestes momentos están a ter moitísimas dificultades para chegar a fin de mes, téñano un pouquiño máis fácil, aínda que non o van a ter moito máis fácil”.

Preguntado acerca do argumento da patronal sobre o feito de que se se sobe o SMI non se van a poder subir outros salarios, Pepe Álvarez manifestou que “a CEOE tería que ter en consideración que asinamos un acordo que lles obriga a que en 2020 haxa un salario mínimo de convenio de 1.000 euros, algo que hai que facer de maneira progresiva e, por tanto, a subida a 900 vai nesa dirección”.

Con respecto a quen afirma que se sobe o salario mínimo non se vai a crear emprego, Álvarez destacou que “as persoas que fan estes comentarios non gañan 900 euros, se gañasen iso, non falarían dunha maneira tan solta do salario dos de-

mais. O noso país ten que ter salarios decentes que permitan ás persoas vivir con dignidade, o contrario é crear emprego mirando cara ao sur e tentando competir non cos países do centro e do norte de Europa, senón cos países do sur de Europa”.

“Eu non creo que ninguén no noso país propoña como solución que vaiamos baixando os salarios para poder crear máis emprego. As persoas traballan para poder vivir dignamente e con 900 euros no noso país non é posible”, engadiu.

Maiores salarios, mais recadación

En canto ao feito de que se sobe o SMI, subirá tamén a base mínima de cotización —o que obrigaría a pagar máis impostos—, o secretario xeral de UGT subliñou que “é unha das consecuencias positivas, xa que un dos problemas que ten a Seguridade Social é xustamente que os salarios baixaron, recadamos menos e non podemos pagar as pensións”.

“Con esta subida, a Seguridade Social recadará máis e, por tanto, poderanse pa-



gar mellor as pensións. É certo que pode haber algúns autónomos, os falsos autónomos, que teñan algunha dificultade máis, e esta é unha cuestión que teremos que abordar no marco do Pacto de Toledo. Parecería razoable que, no caso dos autónomos se pagase de acordo co que se gaña e o que non chegase a 900 euros, non tiñese que pagar o mínimo de autónomos de acordo con estas cifras novas”.

Neste sentido, Pepe Álvarez destacou que “convén que a cidadanía teña claro que estes orzamentos non liquidan definitivamente o tema das pensións. Temos que derrogar a reforma de 2013 posta en marcha polo Goberno de Rajoy. Hai que poñer por lei que, de maneira obrigatoria e natural, cada ano fágase a revisión das pensións como se facía antes e facer desaparecer o factor de sustentabilidade que prevé recortar a pensión de maneira drástica a partir de 2023, elementos que non están resoltos nos PXE”.

UNS PRESUPOSTOS MÁIS SOCIAIS, COMO REIVINDICABA UGT

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores valora de maneira positiva o borrador de Orzamentos Xerais do Estado (PXE) para 2019 que o Consello de Ministros aprobou e que remitirá a Bruxelas, xa que supón unha emenda, case á totalidade, das políticas de austeridade e recorte aprobadas desde 2010 e que afundiron ao noso país tanto económica como socialmente.

A pesar de que moitas das medidas que contén son liñas xerais, ou constitúen unha recomendación ou compromiso de actuación que deben desenvolverse de maneira próxima, o sindicato manifesta que estes orzamentos recollen boa parte das reivindicacións das organizacións sindicais desde hai tempo. De feito, formaron parte das 20 Actuacións Urxentes polo Progreso e o Benestar Social que presentamos publicamente e aos grupos parlamentarios en xuño de 2016, que foron apoiadas pola maioría e que agora se levaron a cabo.

Ademais, este borrador demostra que non só era posible, senón tamén imprescindible, cambiar de rumbo as políticas económicas, sociais e laborais sen poñer en risco a sustentabilidade das contas públicas. E que se debería realizar moito antes, co fin de repartir a renda e a riqueza de maneira máis xusta.

Un contido de mercado carácter social

UGT sinala que o texto para 2019 recolle medidas marcadamente máis sociais que os exercicios anteriores, como a mellora das pensións coa súa revalorización ao IPC; a reversión progresiva dos copagos sanitarios; a mellora das bolsas e a redución das taxas universitarias; a construción de vivendas destinadas ao aluguer; a mellora das axudas contra a pobreza infantil; ou o impulso da universalización da escola de 0 a 3 anos.

En relación ao ámbito laboral, os orzamentos conteñen a proposta de UGT de aumentar o Salario Mínimo Interprofesional a 900 euros en 14 pagas para 2019, coa idea de alcanzar os 1.000 euros en 2020 e chegar así ao 60% do salario medio do país como recomenda a Carta Social Europea.

Ademais, inclúe tamén medidas como a recuperación do subsidio por desemprego aos 52 anos; a ampliación do sistema de protección por desemprego asistencial; a recuperación da ultraactividade dos convenios; a revisión de contratos e subcon-



tratas, para facelas máis garantistas; a obrigación de rexistrar o horario de entrada e saída do traballo; a ratificación do Convenio 189 sobre traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos; ou a reforma do sistema de cotización dos traballadores autónomos, co fin de vinculalo aos ingresos reais, entre outras medidas.

En todo caso, UGT considera que a mellor modificación no ámbito das relacións laborais sería a reversión total da reforma laboral de 2010 e, sobre todo, a de 2012 do Goberno do PP, que rompeu o equilibrio de forzas nas empresas e na negociación colectiva e trouxo miseria e desprotección.

Igualdade, fiscalidade e modelo produtivo

O borrador recolle outras medidas relacionadas co ámbito da igualdade, como a equiparación dos permisos de maternidade e paternidade; a tramitación de urxencia das proposicións de lei referidas a terminar coa brecha salarial; o financiamento completo do Plan de Estado contra a Violencia de Xénero; ou o compromiso de impulsar unha lei para a protección contra a violencia sexual.

En relación á fiscalidade, UGT sinala que o texto establece un tipo mínimo do 15% no Imposto de Sociedades para as grandes empresas; maiores controis para as SICAV; un Imposto sobre as Transaccións Financeiras; novos tramos de IRPF para as rendas superiores a 130.000 e 300.000 euros; o aumento do Imposto sobre Patrimonio nun 1% para as fortunas de máis de 10 millóns de euros; ou o reforzamento das medidas contra a fraude.

E en canto ao modelo produtivo, o sin-

dicato valora que os orzamentos para 2019 aposten por un incremento en I+D+i e por recuperar aos traballadores no ámbito investigador, ademais de promover un plan de rehabilitación de vivendas con criterios de eficiencia enerxética.

Reformas pendentes

Con todo, o texto non esgota en absoluto as medidas que se poden e deben levar a cabo para axudar a conformar unha nova senda de progreso no noso país. Neste sentido, UGT bota en falta algunhas cuestións que vén reivindicando desde hai tempo, como son verdadeiras medidas para reforzar a estrutura financeira da Seguridade Social; a necesidade de introducir o contrato de substitución; ou que se contemple a prevalencia do convenio de sector fronte ao de empresa, revertendo o cambio que fixo a reforma laboral de 2012.

Ademais, é posible abordar cambios tributarios máis ambiciosos, dada a situación de falta de recursos na actualidade; expor un Plan Estratégico para a Industria, imprescindible para cambiar o noso modelo produtivo e facelo máis sustentable; e tramitar a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) de UGT e CCOO por unha Prestación de Ingresos Mínimos, actualmente en trámite parlamentario.

Por iso, UGT reafirma o seu compromiso cun cambio de progreso como o que apunta este borrador de PXE 2019, á vez que manifesta o seu firme propósito de continuar traballando, mediante a negociación e a mobilización, para axudar a construír unha economía máis eficiente e sustentable e unha sociedade máis próspera, xusta e solidaria.